


Sesión de traballo

APOIOS AUTODIRIXIDOS

UNHA ALTERNATIVA PARA A TRANSFORMACIÓN DOS MODELOS DE APOIO

10 de decembro do 2026. Hospedería San Martín Pinario.

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE DERECHOS SOCIALES, CONSUMO Y AGENDA 2030
POR SOLIDARIDAD
OTROS FINES DE INTERÉS SOCIAL

FADEMGA
Plena inclusión Galicia



APOIOS AUTODIRIXIDOS

VIDAS PROPIAS, APOIOS Á MEDIDA

No actual contexto de transformación dos sistemas de apoio ás persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, faise necesario avanzar cara a modelos centrados na persoa que promovan de maneira efectiva a autodeterminación, a participación na comunidade e o exercicio pleno dos dereitos.

Os **apoios autodirixidos** constitúen unha das principais innovacións neste ámbito, ao situar á persoa no centro da toma de decisións e permitirlle exercer un maior control sobre os recursos e apoios que precisa para desenvolver o seu proxecto de vida. Coincidindo coa conmemoración do **Día Internacional dos Dereitos Humanos**, esta xornada pretende crear un espazo de reflexión, aprendizaxe e intercambio dirixido a profesionais, responsables públicos e entidades sociais sobre o papel dos apoios autodirixidos como ferramenta para avanzar cara a un modelo baseado nos dereitos, na inclusión e na vida independente.

A sesión permitirá coñecer o marco conceptual dos apoios autodirixidos, analizar experiencias que se están a desenvolver noutros territorios e achegar os resultados das iniciativas impulsadas por Plena inclusión Madrid e FADEMGA Plena inclusión Galicia. Así mesmo, a participación de persoas con experiencia directa neste modelo achegará unha visión práctica e vivencial do seu impacto na mellora da calidade de vida, na capacidade de elección e no exercicio da cidadanía.

Ademais, o espazo de diálogo e reflexión final favorecerá a análise conxunta dos retos e oportunidades que presenta a implantación deste enfoque en Galicia, promovendo a xeración de alianzas entre administracións públicas, profesionais e entidades sociais para impulsar modelos de apoio máis personalizados, flexibles e respectuosos cos dereitos das persoas.

A QUEN VAI DIRIXIDA ESTA XORNADA



A xornada está dirixida a:

- Profesionais dos servizos sociais.
- Concelleiros e concelleiras de Benestar Social e Servizos Sociais.
- Profesionais da Administración vinculados ao Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD).
- Profesionais de entidades e centros.
- Outras persoas interesadas.

COMO PODES INSCRIBIRTE

Para participar, debes cubrir **este formulario.**
O prazo de inscrición estará aberto ata o **4 de decembro.**
Unha vez finalizado o período de inscrición, confirmaremos a túa praza por correo electrónico.
Importante: o aforo é limitado.

TES ALGUNHA DÚIDA?

Se precisas máis información ou algunha aclaración, podes contactar connosco a través de:

- Correo electrónico: areasocial@fademga.org
- Teléfono: 981 519 650



PROGRAMA

De 10.30 a 11.00 **Recepción e benvida**

De 11.00 a 12:00 **Unha vida con sentido, unha vida escollida.**

Que son os apoios autodirixidos? Unha mirada cara fora.

- A cargo de Amalia San Román. Coordinadora técnica de Plena Inclusión España.

De 12.00 a 12:30 **Café**

De 12.30 a 13:30 **Resultados e experiencias en primeira persoa.**

Madrid

- Rebeca Chacón. Xestora de casos de Plena inclusión Madrid.
- Milouda Mestour. Persoa participante.

Galicia

- Mónica Seijas. Conectora comunitaria de FADEMGA Plena inclusión Galicia.
- Eva Riguera. Persoa participante

De 13.30 a 15:00 **Espazo de diálogo e reflexión.**



GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE DERECHOS SOCIALES, CONSUMO Y AGENDA 2030

POR SOLIDARIDAD
OTROS FINES DE INTERÉS SOCIAL

FADEMGA
Plena inclusión Galicia